

Concello de Viveiro

EXPTE.- 623/2025.

RESULTADO DO TERCEIRO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO ÁS 10:00 HORAS DO 09 DE DECEMBRO DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN (SX1.1/005) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SISTEMA OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 17 de febreiro de 2025, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de Contratación (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro de 2025, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do 25 de marzo de 2025, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de Contratación (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de Contratación (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de xullo de 2025 publicada no taboleiro de edictos dixital.

Realizado o primeiro exercicio da fase de oposición o día 11 de setembro de 2025.

Vistas as puntuacións do primeiro exercicio.

Realizado o segundo exercicio da fase de oposición o día 23 de outubro de 2025.

Vistas as puntuacións do segundo exercicio.

Realizado o terceiro exercicio en data 09 de decembro de 2025, os membros do Tribunal proceden á corrección do terceiro exercicio dos aspirantes presentados en atención á base xeral 10.

Vista a base xeral 10, que sinala: "(...) Terceiro exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio.

O terceiro exercicio consistirá nunha proba práctica establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza que se convoca en atención ás funcións determinadas na RPT para o posto co que se correlaciona a praza convocada, e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun suposto ou supostos concretos que respondan ás funcións ou tarefas da praza que se convoca en relación co posto de traballo co que se atopa correlacionada. Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de dúas (2) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes. A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos. Quedará eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Este exercicio versará sobre o temario: partes segunda, terceira e cuarta..."

As puntuacións deste terceiro exercicio son as seguintes:

VALORACIÓN DE CADA UNHA DAS PREGUNTAS QUE COMPOÑEN O CASO PRÁCTICO											
N.º DE CONTRO L	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	PUNTUACIÓ N
001	1	0,5	0,75	1	1	1	1	0,5	0,75	1	8,5
002	1	1	1	1	1	1	1	0,5	1	1	9,5



Concello de Viveiro

N.º DE CONTROL	N.º CUESTIÓN	PUNTUACIÓN	EXPLICACIÓN PUNTUACIÓN
001	1	1	
	2	0,50	Correctamente motivado pero partindo dunha premisa errónea (os datos facilitados do orzamento base de licitación eran anuais)
	3	0,75	Correctamente motivado e explicado pero partindo da premisa errónea derivada da cuestión N.º 2.
	4	1	
	5	1	
	6	1	
	7	1	
	8	0,5	(Non se fai referencia ao procedemento de modificación)
	9	0,75	Correctamente motivado e explicado pero partindo da premisa errónea derivada da cuestión N.º 2.
	10	1	
002	1	1	
	2	1	
	3	1	
	4	1	
	5	1	
	6	1	
	7	1	
	8	0,5	Incompleta a motivación do procedemento de modificación, sen explicación consonte ao artigo 102 do Regulamento LCAP.
	9	1	
	10	1	

INFÓRMASE aos aspirantes que a apertura das tarxetas de control identificativas de cada aspirantes, correspondentes a este terceiro exercicio realizarase o venres **día 19 de decembro de 2025 ás 09:00 horas** en acto público na Sala de Xuntas do Concello sito na Praza Maior, N.º1 Viveiro, así como de que os aspirantes disporán dun prazo de alegacións aos resultados deste terceiro exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación do resultado da apertura das tarxetas de control identificativas no taboleiro de anuncios dixital. Realizándose esa publicación o venres 19 de decembro de 2025, o prazo de alegacións comprenderá os días 22 e 23 de decembro de 2025.

CÍTASE aos aspirantes que aprobaron o terceiro exercicio e non contan co nivel de galego esixido, para a realización do cuarto exercicio, a acudir o mércores **día 14 de xaneiro de 2026 ás 10:30 horas** na Sala de Xuntas do Concello de Viveiro (Praza Maior s/n-Viveiro) para a realización do cuarto exercicio segundo establece o punto 10 das bases xerais do proceso selectivo, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de contratación (SX1.1/005) na escala administración xeral, subescala Técnica, sistema de oposición, acceso libre.

En Viveiro, á data que consta á marxe.



Concello de Viveiro

A Presidenta,

Dña . María Luz Balsa Rábade

Os/as vogais,

Dña. M.^a Dolores Cociña Cabanas

Colaboradora

Dña. María Carmen Riveira Martínez

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

O Secretario,

D. Javier Balseiro Fernández

Dña. Begoña Teijeiro Campo

